

ANEXO III: ORDE DO 13 DE XUÑO DE 2016 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).




LU99011
MONDOÑEDO (LUGO)
PXOM
Notificación orde
Páx. 1 de 6

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 13/06/2016 11:59:10

SAÍDA 65495 / RX 844574



Sra. Alcaldesa do Concello de Mondoñedo
(Lugo)

Notifícolle que con data 13/06/2016 a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ditou a orde que literalmente di:

"ORDE DO 13 DE XUÑO DE 2016 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

O Concello de Mondoñedo remite o documento do plan xeral de ordenación municipal solicitando a súa aprobación definitiva, conforme ao previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en adiante LOUG.

Analizada a documentación datada en febreiro de 2016 con dilixencias da aprobación provisional do 08/02/2016; e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

I.1. Planeamento municipal vixente.

O Concello de Mondoñedo dispón dunhas Normas subsidiarias de planeamento, aprobadas definitivamente o 12/07/1978, con cinco modificacións puntuais.

Como planeamento de desenvolvemento, consta o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico, aprobado definitivamente o 24/03/1994.

I.2. Normativa específica do Patrimonio Cultural.

Mediante Decreto 91/1985 do 2 de maio declarouse ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, a Cidade Antiga de Mondoñedo (DOG 23/05/1985).

I.3. Figuras de Ordenación do territorio con incidencia supramunicipal.

O termo municipal de Mondoñedo está afectado polos seguintes Proxectos Sectoriais:



Parque eólico "Terral" (Aprobación Definitiva 22/05/2003); Liña de Alta Tensión 132 kV Sub. Mondoñedo-Sub. Boimente (AD 24/04/2008); Parque Empresarial de Mondoñedo (AD 16/10/2003); Modificación puntual do Parque Empresarial de Mondoñedo (AD 29/10/2009); Parque eólico de Mondoñedo (AD 22/07/2005); Liña de Alta Tensión 132 kV Mondoñedo-Meira (AD 02/02/2006); Parque eólico "Farrapa I, Fase I" (AD 29/03/2007); Parque eólico "Farrapa I, Fase II" (AD 28/05/2009); Parque eólico "Sasdónigas" (AD 26/01/2012); e Liña de Alta Tensión 132 Kv Entrada a Boimente (AD 12/06/2014).

I.4. Avaliación Ambiental Estratéxica.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu en data 10/11/2015, declarar a inviabilidade de sometemento do PXOM ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

I.5. Tramitación.

1. En xullo de 1999 redactouse un avance do PXOM, de acordo co artigo 41.1 da Lei 1/1997, do solo de Galicia.
2. Con data 14/05/2001, a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe previo á aprobación inicial, de acordo co previsto no artigo 41.3 da Lei 1/1997.
3. A secretaria e o arquitecto técnico municipais emitiron informes previos á aprobación inicial en datas 08/08/2001 e 09/08/2001, respectivamente.
4. O Concello Pleno do 16/08/2001 acordou a aprobación inicial do plan, e o sometemento a información pública, mediante anuncios no xornal El Progreso do 07/10/2001, no DOG do 05/10/2001; e no BOP de Lugo do 12/09/2001.
5. O 30/12/2002 o Concello de Mondoñedo solicitou á Dirección Xeral de Urbanismo informe previo á aprobación definitiva do plan, segundo o disposto no artigo 41.5 da Lei 1/1997.
6. O 13/01/2003, a Dirección Xeral de Urbanismo devolveu a documentación remitida polo concello por incompleta, sinalando que, segundo a disposición transitoria terceira da LOUG, este planeamento por estar aprobado inicialmente e en tramitación antes da entrada en vigor desta lei podería, durante o prazo de seis meses, continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva de acordo coa Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicando o establecido na disposición transitoria primeira da LOUG; ou, noutro caso, adaptarse integramente á nova lei.
7. Os servizos municipais emitiron informes xurídicos con data 03/12/2010 e 27/08/2013; e informes técnicos con data 07/12/2010 e 03/09/2013.
8. O Concello Pleno do 26/09/2013 acordou continuar a tramitación do PXOM aprobado inicialmente o 16/08/2001; estimar, desestimar ou estimar parcialmente, as alegacións presentadas na primeira exposición pública do PXOM; tomar coñecemento do PXOM modificado (pola resolución de alegacións, os informes sectoriais emitidos, a actualización cartográfica e documental, os informes técnicos municipais, e a adaptación ás leis 9/2002 e 2/2010 e demais cambios legislativos habidos neste período);



LU99011
MONDOÑEDO (LUGO)
PXOM
Notificación orde
Páx. 3 de 6

e abrir un novo período de información pública de dous meses segundo o artigo 85.8 da LOUG.

9. Esa información pública realizouse mediante anuncios nos xornais La Voz de Galicia e El Progreso do 04/11/2013; e no DOG do 04/11/2013. Simultaneamente déuselle audiencia aos concellos de A Pastoriza, Alfoz, Foz, Riotorto, Lourenzá e Abadín.
10. En sesión do 30/12/2013, o Concello Pleno acordou ampliar o prazo de información pública por quince días hábiles máis, con anuncio nos xornais La Voz de Galicia e El Progreso do 09/01/2014, e no DOG do mesmo día 09/01/2014.
11. A arquitecta e o secretario municipais emitiron cadanseu informe previo á aprobación provisional en data 04/02/2016.
12. O Concello Pleno do 05/02/2016, aprobou provisionalmente o PXOM.
13. En cumprimento da lexislación sectorial vixente solicitáronse e emitíronse informes:
 - a) En materia de estradas:

A Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informes o 14/05/2014 e o 03/03/2015, desfavorables; e o 26/11/2015, favorable.

A Demarcación de estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento, emitiu informes o 14/05/2001, 27/03/2014 e 07/01/2016 (favorable condicionado).

A Deputación Provincial emitiu informes o 30/04/2001, 31/01/2014 (incluíndo documentación complementaria o 10/04/2014), 28/07/2014, 10/02/2015 e 15/01/2016 (favorable).
 - b) En materia de patrimonio cultural:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu informes en data 02/04/2001, 05/12/2014, 20/05/2015 e 12/01/2016 (favorable condicionado).
 - c) En materia de augas:

Informes de Augas de Galicia do 20/08/2001, 27/02/2015 e 16/03/2015 (favorable condicionado).
 - d) En materia de medio ambiente:

Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, do 06/11/2013, sobre xestión de residuos urbanos.
 - e) En materia de telecomunicacións:

Informe da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información (Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo) do 17/12/2013.
 - f) En materia de montes:

O Servizo de Montes da Consellaría do Medio Rural e do Mar emitiu informe o 15/11/2013.
 - g) En materia de concentración parcelaria:



LU99011
MONDOÑEDO (LUGO)
PXOM
Notificación orde
Póx. 4 de 6

Informes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural do 15/11/2013, 24/09/2014, 06/02/2015 e 17/03/2015.

h) En materia de propiedades públicas:

Escrito da Delegación de Economía e Facenda de Lugo (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) do 08/11/2013.

i) En materia de dereitos mineiros:

Informe do Servizo de Enerxía e Minas da Consellaría de Economía e Industria do 09/12/2013.

14. O Secretario municipal certifica que se solicitou e non se emitiu en prazo o informe da Dirección General de Política Energética y Minas. Consta o informe extemporáneo deste Organismo con data 11/12/2015.

II. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

Segundo o disposto nos arts. 85.7 e 227 da Lei 9/2002, para resolver sobre a aprobación definitiva, esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que ostenta as competencias en materia de urbanismo e ordenación do territorio, analizou a integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan; a conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural; a incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sostible; e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

Neses termos, púidose comprobar que o PXOM de Mondoñedo aprobado provisionalmente polo Concello Pleno do 08/02/2016, resulta conforme á normativa urbanística e sectorial de aplicación; cumprindo, en todo caso, formular as seguintes consideracións:

A. Determinacións en solo urbano

1. No solo urbano consolidado, os planos de ordenación deben sinalar as rasantes da rede viaria pública (artigo 54.f da LOUG).
2. Segundo o establecido no artigo 12 da LOUG, a apertura de novas vías esixe prever as correspondentes actuacións illadas en solo urbano:
 - Ámbitos de ordenanza U4 e U2 entre os camiños de Fondoso e da Chanta (NE do PEPRI).
 - Ámbitos con ordenanzas U8 e U2 situados ao norte do equipamento DOC-04 nos que se abre un vial entre as rúas das Viñas da Veiga e de Bos Aires.



- Ámbitos con ordenanza U3 na Carroceira, cunha nova rúa a obter por "normalización".
3. Cómpre establecer as fichas de todos os ámbitos de solo urbano non consolidado, coas determinacións correspondentes. Non se establecen determinacións sobre os prazos para o desenvolvemento do PERI-1; nin do "Ámbito delimitado pola CN-634, a avenida de Buenos Aires e a estrada LU-124" obxecto da modificación puntual das normas subsidiarias con AD de 15/03/2001. Tampouco constan determinacións gráficas nin escritas para os polígonos P-1 "Rúa Julia Pardo Montenegro", P-5 "Rúa Casas Novas", P-7 "Rúa San Lourenzo" e P-8 "Esquina rúa San Lourenzo" mencionados no artigo 17 da normativa.

B. Clasificación do solo rústico

De acordo co establecido no artigo 32.2.c da LOUG e co disposto nos respectivos proxectos sectoriais, deben incluírse como solo rústico de protección de infraestruturas, con independencia doutras categorizacións simultáneas, os ámbitos atinxidos polos parques eólicos "Terral", "Sasdónigas" e "Farrapa I".

No parque eólico "Mondoñedo" a delimitación de solo rústico de protección de infraestruturas debe respectar a establecida polo correspondente proxecto sectorial.

Deben clasificarse tamén como solo rústico de protección de infraestruturas os ámbitos atinxidos pola liña de alta tensión Mondoñedo-Meira, segundo o seu correspondente proxecto sectorial.

A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planeamento xeral corresponde á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co disposto nos artigos 89 e 93.4 LOUG e o artigo 3.a en relación coa disposición transitoria segunda do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

III. RESOLUCIÓN

En consecuencia, e de conformidade co establecido no artigo 85.7.a) da LOUG, RESOLVO:

1º. Aprobar definitivamente, o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mondoñedo, condicionado á cumprimentación das cuestións obxecto de reparo sinaladas no apartado II desta Orde.

2º. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

galicia

LU99011
MONDOÑEDO (LUGO)
PXOM
Notificación orde
Páx. 6 de 6

3º. De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no Boletín Oficial da Provincia a normativa e ordenanzas do plan aprobado definitivamente.

4º. Notifíquese esta Orde ao Concello; e publíquese no Diario Oficial de Galicia."

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.



Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2016

Ed. Director xeral de Urbanismo

Ed. Eduardo Sobrino Rodríguez